



Por qué?



“Por que?”

Neste relato dareille voz á presente ilustración. “Por que?” é un debuxo que pretende amosar o meu sentimento xeneralizado cara os discursos de odio mediante a figura de Ego.

Neste amósase unha silueta cohibida, sentada nunha sala baleira en posición fetal e coa cabeza gacha. Sobre a meixela esbózase unha bágoa á vez que se pregunta a si mesma o porqué.

Arredor da persoa sen rostro á que chamaremos Ego, atopamos unha serie de palabras que posúen unha connotación negativa e podemos observar como estas palabras fan que se encolla e estea nunha situación de tensión. Tamén podemos observar como Ego ten unha destacable cor azul xunto coas palabras que a rodean, mentres que o resto da habitación ten unha tonalidade violeta máis escura.

Afondando na explicación desta ilustración, comezarei resaltando o simbolismo presente nas cores. A cor azul das palabras que rodean a Ego identifícoas co medo e impotencia que xeran estas situacións carentes de xustiza, mentres que a cor azul do seu corpo representa a tristeza que estas barreiras emocionais me producen á hora de reflexionar acerca da realidade existente. A cor violeta por outra banda ten dous significados diferentes: o primeiro simboliza a opresión da sociedade que me rodea, e por outra banda simboliza o cambio e a toma de acción contra esta problemática.

Continuando coa explicación, a posición corporal reflicte unha situación de malestar e preocupación, mentres que o feito de que estea sentada nunha habitación baleira simboliza que esta é unha loita interna e persoal que ten dúas saídas diferentes: mirar para outro lado, porque deixaches que a opresión che vencese, ou tomar a acción respecto cun mesmo e cos demais. Esta decisión leva a Ego a dotar de sentido e de propósito as súas propias accións independentemente das condicións externas.

Por último, Ego formúlase a pregunta “Por que?”, onde quere expresar a súa confusión e impotencia cara as estruturas sociais que normativizan os discursos de odio, mostrando a súa posición de inconformidade.